



COMENIUS

Este é o noso segundo ano no proxecto Comenius. O tema que imos traballar no curso 2008/2009 é a Gastronomía. O día 15 de setembro de 2008 preparamos un dos pratos típicos de Vilalba: "O roscón de améndoas".
Buscamos receitas, faremos co capón, o queixo e outros pratos típicos. Ao final do curso editaremos un libro con todo o traballo feito. Por moi rico.



2008
típicos de Vilalba: "O roscón de améndoas".
Buscamos receitas, faremos co capón, o queixo e outros pratos típicos. Ao final do curso editaremos un libro con todo o traballo feito. Por moi rico.

INNOVACIÓN EDUCATIVA



Este curso o noso centro tivo a sorte de ser elixido para participar nos plans de avaliación e mellora da calidade da educación en centros públicos. O tema que imos traballar é: "Desenvolvemos competencias usando as TIC". Temos planificadas moitas actividades para este proxecto e irémosvos informando de todo.

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



Un ano máis imos presentar un proxecto para o fomento do uso do galego en centros públicos. Entres as actividades que imos desenvolver está o continuar nomeando as clases con nomes de escritores/as galegos/as, facer intercambio de traballos con centros doutras comunidades, imos celebrar a semana do cine en galego, o segundo maratón de lectura continuada, editar un novo número do xornal escolar "O Faro",...

VOZ NATURA

Este curso, participamos nunha nova edición do concurso de "Voz Natura". O tema que imos traballar é: "Manual dun neno de Primaria para curar a terra". A situación do noso centro, zona rural, permite que nosos alumnos e alumnas poidan comprobar como podemos axudar á conservación do medio.



AGRUPACIONES DE CENTROS EDUCATIVOS PARA PROXECTOS COMÚNS



O ministerio de Educación convocou axudas para o establecemento de agrupacións de centros educativos para a realización e posta en práctica de proxectos comúns. Estamos buscando centros asociados doutras comunidades autónomas para intercambiar as experiencias e traballos que consideremos nos poidan enriquecer a todos e todas. Ademais, ten a vantaxe de que podemos facer visitas a eses centros con nosos alumnos/as. Xa vos contaremos como nos vai.